



O Consello Escolar de Galicia rexeita por 24 votos en contra e 16 a favor o borrador do Decreto de Plurilingüismo

No Pleno celebrado o día 7 de abril ás 17:00, o Consello Escolar de Galiza, un órgano colexiado que entre outras funcións compételle emitir ditames con carácter informativo sobre a lexislación educativa (leis, decretos e outros documentos e programas de relevancia) composto por OOSS (CIG, CCOO, UXT...), asociacións de nais e pais dos centros de ensino, movementos de renovación pedagóxica, partidos políticos, a Federación Galega de Municipios e Provincias, as patronais do ensino privado e aquelas persoas “expertas e de prestixio” que designe a propia Consellería, votou por 24 votos a favor unha emenda a totalidade presentada contra o borrador do Decreto de Plurilingüismo redactado polo departamento que dirixe Jesús Vázquez.

Agora á Consellería quédalle un importante desafío: atender as demandas da comunidade educativa e retirar o borrador.

Dende o STEG felicitámonos por este éxito da comunidade educativa e agradecemos a resposta do profesorado e da comunidade educativa en xeral aos nosos chamamentos para a mobilización, como a que concentrou hoxe a centos de persoas diante do Consello de Escolar de Galiza.

Secretariado Nacional do STEG
Abril 2010